



Valedor
do Pobo
Galicia

D. Julio Fernández González
matarpormatarnon@yahoo.es

Expediente: C.6.Q/12908/15

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2015

Estimado Sr.:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Unha vez estudada a súa queixa, dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 45 da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. En concreto requirimos a ese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre a comprobación das circunstancias mencionadas na queixa; sobre as causas do arquivo; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Informámolo de que a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para recorrer a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)